

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>abonar</b>	<b>fertilizar</b> v.t. Facer fértil ou máis fértil [unha cousa, particularmente a terra], por medio de fertilizantes.	<b>abonar</b> v.t. 1. Facer que [alguén] adquira o dereito, mediante pagamento, de poder concorrer [a algo] ou recibir [algún servizo periodicamente]. // v.p. 2. Adquirilo dereito, mediante pagamento, de poder concorrer [a algo] ou de recibir [algún servizo periodicamente]. u SIN. subscribir(se).
<b>abonar</b>	<b>aboar</b> v.t. 2. Pagar [a cantidade correspondente] [por unha venda, un préstamo, etc.].	<b>abonar</b> v.t. 1. Facer que [alguén] adquira o dereito, mediante pagamento, de poder concorrer [a algo] ou recibir [algún servizo periodicamente]. // v.p. 2. Adquirilo dereito, mediante pagamento, de poder concorrer [a algo] ou de recibir [algún servizo periodicamente]. u SIN. subscribir(se).
<b>abono</b>	<b>fertilizante</b> s.m. Produto químico, ou ben de orixe vexetal ou animal, que se lle bota á terra para que as plantas cultivadas nela se desenvolvan mellor e dean máis e mellores froitos. Mandou facer un estudo das súas terras para saber qué fertilizantes empregar.	<b>abono</b> s.m. 1. Acción de abonar ou abonarse. Hoxe remata o prazo para o abono da ópera. 2. Conxunto de entradas ou billetes que se compran conxuntamente e que permiten o uso dalgún servizo, instalación deportiva, ou a asistencia a unha serie de espectáculos. Foi retira-lo abono para a Mostra de Teatro. 3. Documento en que consta o dereito que adquire o que se abona a certa cousa. A editorial remitiulle o abono por dous anos á revista.
<b>abono</b>	<b>pagamento</b> s.m. Acción e efecto de pagar. En pagamento dos seus méritos concedéronlle unha medalla. SIN. premio, recompensa. Facilidades de pagamento. O pagamento dunha multa. Efectuar un pagamento bancario. SIN. pago.	<b>abono</b> s.m. 1. Acción de abonar ou abonarse. Hoxe remata o prazo para o abono da ópera. 2. Conxunto de entradas ou billetes que se compran conxuntamente e que permiten o uso dalgún servizo, instalación deportiva, ou a asistencia a unha serie de espectáculos. Foi retira-lo abono para a Mostra de Teatro. 3. Documento en que consta o dereito que adquire o que se abona a certa cousa. A editorial remitiulle o abono por dous anos á revista.
<b>acuse de recibo</b>	<b>xustificante de recepción</b> . Na formalización da matrícula deberá presentar o presente xustificante de recepción cuberto e selado.	existen as palabras por separado.
<b>afincarse</b>	<b>establecerse</b> . O autor da conferencia desde hai tempo vive en/ estableceuse nas Palmas.	<b>afincar</b> v.t., i. e p. Fincar. Afincoulle os dentes e non o soltou. Afincate ben.
<b>aforo</b>	<b>capacidade</b> . A capacidade do Paraninfo da Reitoría é suficiente para garantir unha gran variedade de actos.	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo aforar</b> .
<b>alumeado</b>	<b>iluminación</b> . O sistema de iluminación será respectuoso co medio e evitará o gasto innecesario de enerxía.	participio do <b>verbo alumear</b> .
<b>amalgama</b>	<b>amálgama</b> s.f. 1. Aliaxe [de mercurio con outro metal]. 2. fig. Mestura [de persoas ou cousas de distinta natureza].	3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo amalgamar</b> .
<b>año</b>	<b>ano</b> <sup>1</sup> s.m. 1. Espazo de tempo que tarda a Terra en dar unha volta enteira arredor do Sol. 2. Período de tempo que dura doce meses, desde o día un de xaneiro ata o trinta e un de decembro, ambos incluídos, ou ese mesmo período de tempo a contar desde un día calquera. 3. Período de tempo inferior a un ano, considerado en relación ó tempo transcorrido entre o inicio e o fin dunha actividade. SIN. <b>curso</b> .	<b>año -a</b> s. Cría da ovella, que non pasa dun ano.
<b>aparte</b>	<b>á parte</b> . loc. adv. Separadamente. / <b>Á parte de</b> . loc. prep. Ademais de.	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo apartar</b>
<b>aportar</b>	<b>achegar</b> v.t. 3. Recoller e reunir [ideas, datos, etc.] [para contribuír a algo].	<b>aportar</b> v.i. Chegar a porto.
<b>apunte</b>	<b>apuntamento</b> s.m. 1. Nota escrita breve sobre calquera cousa. <i>Tiña algúns apuntamentos para a súa próxima novela.</i> 2. Resumo ou notas que se toman sobre algo que se le, observa ou oe. <i>Os apuntamentos da clase.</i>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo apuntar</b>

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>autopista</b>	<b>autoestrada.</b> Na autoestrada deberían estar máis presentes uns letreiros que informasen sobre a entrada aos campus.	Erro de corrección nos correctores MS Office e OoO. Ben corrixido no OrtoGal
<b>axuntamento</b>	<b>concello</b> s.m. 1. Corporación constituída polo alcalde e os concelleiros, que ten ó seu cargo a administración dun municipio. <i>Reunión do Concello.</i> SIN. <b>cabido.</b> <i>Secretario do Concello.</i> 2. Territorio que está baixo a xurisdición do concello. <i>O concello de Carnota abrangue a vila e varias aldeas.</i> SIN. <b>municipio.</b> 3. Institución dalgunhas parroquias rurais con certa autonomía con respecto ó municipio, que ten na asemblea dos cabezas de familia o seu órgano de decisión. <i>En zonas da montaña luguesa e ourensá aínda perviven os concellos.</i> s <b>Casa do concello.</b> Edificio onde están as oficinas da corporación municipal.	<b>axuntamento</b> s.m. Acto e efecto de axuntar ou axuntarse [persoas ou cousas].
<b>balanza de pagos</b>	<b>balanza de pagamentos.</b> Esta situación foi emendada até o momento a través da entrada de capitais do exterior para cubrir o déficit na balanza de pagamentos.	existen as palabras por separado.
<b>beca</b>	<b>bolsa</b> (de estudos). Axuda económica que recibe unha persoa para estudar ou investigar.	<b>beca</b> s.f. 1. Vestidura talar negra usada polos maxistrados xudiciais. 2. Insignia que usan os estudantes dos colexios maiores universitarios como distintivo, consistente nunha faixa de pano que se coloca sobre o peito en forma de uve e que cae polas costas.
<b>bolo</b>	<b>birlo</b> s.m. 1. Cada un dos paus que se empregan no xogo dos birlos. <i>No primeiro lanzamento non tirou ningún birlo. // pl.</i> 2. Xogo que consiste en lanzar bólas a un grupo de paus, postos de pé en varias ringleiras, para derribalos no menor número de tiradas posible. <i>Xogamos unha partida de birlos.</i>	<b>bolo2</b> s.m. Palabra que só se utiliza na expresión bolo alimentario. Masa formada polos alimentos mastigados e mesturados coa saliva. <b>bolo1</b> s.m. 1. Calquera cousa que ten ou á que se lle dá forma de bóla ou esfera. Fixo un bolo con barro. SIN. bóla. 2. Pan de forma arredondada, en xeral alto. SIN. molete. 3. Tipo de pastel de formas variadas, que leva, ademais de fariña, ovos, azucre e graxas. 4. Pequena porción máis compacta que se atopa no seo dunha masa formada por unha substancia diluída nun líquido, e tamén cada porción arredondada distinguíbe nunha substancia coagulada. SIN. bolboroto, borboroto, cadullo, grola, grumo. 5. Vulto que sobresa a consecuencia dun golpe, en calquera superficie. SIN. croque, pote. s Bolo do pote. O que se fai con fariña milla ou centea amasadas, do tamaño dunha pataca grande, e que se pon a cocer en auga ou caldo.
<b>borde</b>	<b>bordo</b> s.m. Parte que limita unha superficie ou en que remata un obxecto. Estaba sentado no bordo da estrada. SIN. <b>beira, marxe.</b>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo bordar.</b>
<b>carácteres</b>	<b>caracteres.</b> Plural de <b>carácter.</b>	Erro de corrección no corrector MS Office. Ben corrixido nos correctores OpenOffice e OrtoGal.
<b>careo</b>	<b>acareo</b> s.m. Der. Acto de acarear. Os dous acusados foron sometidos a un careo.	1ª persoa do presente de indicativo do <b>verbo carear</b> (1. Orientar; dirixir cara a un lugar determinado. 2. Traballar a pedra ou a madeira a escuadro).
<b>carreteira</b>	<b>estrada</b> s.f. Vía destinada á circulación de vehículos automóbiles.	<b>carreteiro-a</b> adx. 1. Relativo ou pertencente ao carro. 2. Dise do carro cando está nivelado. // adx. e s. 3. Persoa que conduce carros ou carretas.
<b>casco urbano</b>	<b>núcleo urbano.</b> A reforma da Reitoría estivo orientada cara á integración do edificio no núcleo urbano.	existen as palabras por separado.
<b>casco vello</b>	<b>zona vella.</b> A sede da Real Academia está na zona vella da cidade da Coruña.	existen as palabras por separado.
<b>caudal</b>	<b>diñeiro / bens.</b> EE. UU é un dos maiores países do mundo cunha maior cantidade de bens de reserva.	<b>caudal1</b> s.m. Cantidade de auga dunha corrente ou dun manancial. No verán diminúe o caudal dos ríos. <b>caudal2</b> adx. Relativo ou pertencente á cola. Aletas caudais. As plumas caudais

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>cerre</b>	<b>cerramento</b> <i>s.m.</i> Acción e efecto de cerrar, de facer cesar ou de ter fin a actividade de algo, de maneira temporal ou definitivamente. <i>O cerramento da empresa débese a causas económicas.</i> SIN. <b>pechamento</b> . ANT. <b>apertura</b> .	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo cerrar</b> .
<b>cese</b>	<b>cesamento</b> <i>s.m.</i> 1. Acción de cesar. <i>O cesamento do director sorprendeunos a todos.</i> SIN. <b>dimisión</b> . <i>O cesamento das hostilidades entre os dous países.</i> 2. Escrito onde unha persoa manifesta a súa decisión de cesar no seu cargo. <i>Onte presentou o cesamento.</i> SIN. <b>renuncia</b> . <i>Recibiu a carta de cesamento do seu cargo.</i>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo cesar</b>
<b>cometido</b>	<b>tarefa</b> <i>s.f.</i> Calquera tipo de traballo ou labor que se fai ou se debe facer. <i>Gústalle facer con xeito as tarefas da casa. Acabada a tarefa, os labregos volven cara á aldea.</i> SIN. <b>angueira</b> , <b>quefacer</b> . <i>Emprendeu unha tarefa imposible.</i>	participio do <b>verbo cometer</b>
<b>cómpre</b>	<b>compre</b> ("merque")	<b>cómpre</b> ("é mester")
<b>con creces</b>	<b>de sobra / sobradamente</b> . O incremento do orzamento supera, sobradamente, as previsións máis optimistas.	existen as palabras por separado.
<b>corto</b>	<b>curto -a</b> <i>adx.</i> 1. De pouca lonxitude ou que ten pouca lonxitude [con respecto a outra cousa que ten a considerada normal]. A distancia de aquí a alí é curta. O camiño máis curto. ANT. longo. 2. De pouca duración. O discurso do conselleiro foi moi curto. SIN. breve. ANT. longo. 3. Que non ten a lonxitude necesaria. A saia e o abrigo quédanlle curtos. SIN. pequeno. ANT. cumprido, grande, longo. 4. Con pouco [do que se expresa: vista, intelixencia, etc.]. É curto de vista. <i>s</i> Quedar curto. Non dicir, coller, facer, etc., todo o que era necesario. Quedou curto na exposición, sobraronlle dez minutos. Polo menos vale cen mil, e aínda quedo curto	1ª persoa do presente de indicativo do <b>verbo cortar</b> .
<b>costa</b>	3ª persoa singular do indicativo do <b>verbo custar</b> <i>v.t.</i> 1. Ter [algo] como prezo [certa cantidade de diñeiro]. <i>Este libro custa poucos cartos.</i> SIN. <b>valer</b> . CF. <b>importar</b> . // <i>v.i.</i> 2. Resultar difícil [algo], supoñer esforzo ou molestia. <i>Cústalle aprender.</i> Tamén <i>v.t.</i> <i>Facer iso non me custa ningún traballo.</i> <i>s</i> <b>Custar caro</b> . Custar moitos cartos, ou supoñer esforzos ou prexuízos. <i>Custoulle cara a broma.</i>	<b>costa</b> <i>s.f.</i> 1. Zona de terra que está próxima ó mar, así como a zona de mar próxima á terra. SIN. litoral. CF. beiramar, mariña, ribeira. 2. Terreo en pendente, particularmente referido a un camiño ou outra vía. Costa arriba. Costa abaixo. CF. pendente. // <i>pl.</i> 3. Parte posterior do corpo humano que vai dos ombreiros ata o van, así como a parte correspondente do corpo dos animais cuadrúpedes. SIN. lombo. CF. dorso. 4. As costelas e a parte do corpo onde están. <i>s</i> Ás costas. <i>loc. adv.</i> 1. Sobre os ombros ou o lombo. SIN. ó cabalete, ó carrelo, ó lombo. 2. <i>fig.</i> Ó cargo ou baixo a responsabilidade [de quen se indica]. / Costas da man. A parte de fóra da man, oposta á palma.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>costas</b>	<b>custas (procesuais)</b> . Gastos dun proceso xudicial. Condenárono en custas.	<b>costa</b> s.f. 1. Zona de terra que está próxima ó mar, así como a zona de mar próxima á terra. Ó longo da costa atópanse moitas vilas mariñeiras. Por estas costas hai moita pesca. SIN. litoral. CF. beiramar, mariña, ribeira. A Costa da Morte. 2. Terreo en pendente, particularmente referido a un camiño ou outra vía. O coche paróuselle nunha costa moi pina. Costa arriba. Costa abaixo. CF. pendente. // pl. 3. Parte posterior do corpo humano que vai dos ombreiros ata o van, así como a parte correspondente do corpo dos animais cuadrúpedes. Bateulle nas costas. O vestido deixáballo as costas ó aire. SIN. lombo. CF. dorso. 4. As costelas e a parte do corpo onde están. Deulle un pau nas costas, que case llas rompe. s Ás costas.loc. adv. 1. Sobre os ombros ou o lombo. Levaba un saco ás costas. SIN. ó cabalete, ó carrelo, ó lombo. 2. fig. Ó cargo ou baixo a responsabilidade [de quen se indica]. Fartouse de levar todo ás súas costas; hai que repartir-lo traballo. / Costas da man. A parte de fóra da man, oposta á palma.
<b>cruce</b>	<b>cruzamento / intersección / encrucillada</b>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo cruzar</b>
<b>cumprimentar</b>	<b>cubrir</b> v.t. 3. Pór nos espazos baldeiros de [un escrito ou impreso] os signos que correspondan. Cubrir quinielas. Cubrín un impreso. SIN. encher.	<b>cumprimentar</b> v.t. Tratar con cumprimentos. Cumprimentárono, á súa chegada, as máximas autoridades da cidade.
<b>cursoño</b>	<b>curso</b> . O Curso de Prevención de Riscos Laborais está a punto de se convocar.	Aceptado polos correctores como diminutivo
<b>custa</b>	<b>costa</b> s.f. 1. Zona de terra que está próxima ó mar, así como a zona de mar próxima á terra.SIN. <b>litoral</b> . CF. <b>beiramar</b> , <b>mariña</b> , <b>ribeira</b> . 2. Terreo en pendente, particularmente referido a un camiño ou outra vía. CF. <b>pendente</b> .	3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª singular do imperativo do <b>verbo custar</b> .
<b>custes</b>	<b>plural de custo</b> s.m. 1. Cantidade de diñeiro que custou a elaboración dun ben de consumo. O <i>custo das mercadorías</i> . <i>Custo de produción</i> . CF. <b>importe</b> , <b>prezo</b> . 2. fig. Traballo ou esforzo que custa facer algo. Logrou vencer, non sen gran custo.	2ª persoa singular do presente de subxuntivo do <b>verbo custar</b>
<b>chino</b>	<b>chinés -esa</b> adx. 1. Da China ou dos seus habitantes. Comida chinesa. A Revolución Chinesa. // s. 2. Persoa natural ou habitante da China. Un chinés, unha chinesa. // s.m. 3. Unha das linguas faladas na China, que á súa vez ten varios dialectos. Non entendo nada de chinés.	<b>chino</b> s.m. 1. Porco co fociño curvado cara a arriba. 2. Porco en xeral; quino // interx. 3. Voz para chamar o porco; quino.
<b>danos e prexuízos</b>	<b>danos e perdas</b> . Os xulgados están cheos de demandas de danos e perdas.	existen as palabras por separado.
<b>del</b>	preposición <b>de</b> + artigo <b>o</b>	preposición <b>de</b> + pronome <b>el</b>
<b>desdita</b>	<b>desgraza / desventura</b> . A perda destes documentos foi unha desgraza que debe ser emendada con celeridade.	participio do <b>verbo desdicir</b> .
<b>desenrolo</b>	<b>desenvolvemento</b> s.m. Acción e efecto de desenvolver ou desenvolverse. País dun escaso desenvolvemento económico. SIN. crecemento, expansión.O desenvolvemento das facultades intelectuais.O desenvolvemento da acción da película é complicado.	<b>desenrolo</b> s.m. Acción de estirar algo que está enrolado.
<b>despido</b>	<b>despedimento</b> s.m. Acción de despedir ou botar a alguén dun traballo ou emprego.	<b>despido</b> é un termo tolerado mais o correcto é despedimento.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>dieta</b>	<b>axuda de custo.</b> Para percibir as axudas de custo será necesario presentar os xustificantes de pagamento.	<b>dieta</b> s.f. 1. Conxunto de alimentos que unha persoa ou animal necesita consumir para mante-la vida e a saúde. A dieta dunha persoa adulta. Unha dieta equilibrada. 2. Réxime alimenticio seguido por un ou varios individuos. Dieta vexetariana. A dieta musulmá. 3. Regulación da inxestión de alimentos como medida hixiénica ou terapéutica. Necesita perder peso e segue unha dieta. CF. réxime. 4. Privación temporal de calquera clase de alimentos, xeralmente con fins terapéuticos. Pór un enfermo a dieta. CF. réxime.
<b>dirección</b>	<b>endereço</b> s.m. Indicación precisa do lugar de residencia dunha persoa ou entidade. A carta non chegou porque o enderezo estaba equivocado. Dáme o teu enderezo.	<b>dirección</b> s.f. 1. Acción e efecto de dirixir. Encargárono da dirección dunha sucursal do banco. CF. administración, xerencia, xestión. 2. Camiño ou liña que describe un corpo en movemento. O porteiro adiviñou a dirección do balón e parou o penalti. SIN. curso, rumbo, traxectoria.CF. sentido.3. Cargo e oficina do director. A dirección do diario ocúpaa un periodista de moito prestixio. 4. Conxunto de individuos con poderes executivos, que están ó mando dunha empresa ou organización. Está á fronte da dirección do club. SIN. directiva.Foi elixido para un importante cargo na dirección do seu partido. 5. Mecanismo que permite guiar un automóbil. Avarióuselle a dirección do coche. CF. control.
<b>dos correntes</b>	<b>do presente mes / da presente semana.</b> O día cinco do presente mes rematou o FITEUC.	existen as palabras por separado.
<b>doutorado</b>	<b>doutoramento</b> s.m. 1. Conxunto de estudos e tese con que se obtén o grao de doutor na universidade. Polas tardes asiste ós cursos de doutoramento. 2. Grao de doutor. Ó pouco de obte-lo doutoramento conseguiu unha praza de profesora na universidade.	participio do <b>verbo doutorar.</b>
<b>duna</b>	<b>dunha.</b> Contracción de <b>de + unha</b>	<b>duna</b> s.f. Monte de area formado pola acción do vento nos desertos e nas praias.
<b>elevar</b>	<b>trasladar.</b> O informe trasladarase ao reitor para a súa aprobación e sinatura.	<b>elevar</b> v.t. 1. Levar [algo ou alguén] de abaixo a arriba ou poñelo máis alto do que estaba. Elevar un peso, unha máquina. Eleva un brazo. SIN. alzar, erguer, levantar, subir.ANT. baixar. 2. Colocar a [alguén] [nunha posición, rango, etc., relevante]. Elevárono ó trono. 3. Aumenta-lo nivel, cantidade ou grao de [algo]. O Goberno elevou o prezo dos combustibles. SIN. encarecer, incrementar.ANT. abaratar, baixar, rebaixar.Eleva-lo ton de voz. SIN. alzar, subir.ANT. baixar. // v.p. 4. Moverse [algo] cara ó alto. O avión elevouse. SIN. ascender, subir.ANT. baixar, descender. 5. Aumentar de nivel, cantidade ou grao. No verán elévanse as temperaturas. SIN. ascender, subir.ANT. baixar, descender.
<b>elo</b>	<b>isto / iso.</b> Por iso, xulgamos importante que teña en consideración o noso pedimento.	<b>elo</b> s.m. 1. Cada un dos aros que forman unha cadea. Rompeu un elo da cadea. 2. fig. Cada un dos elementos relacionados entre si que serven para dar orixe ou explicar algo. Faltan por descubrir varios elos na investigación. Os elos da evolución ata chegar ó home actual.
<b>emprazar</b>	<b>instalar</b> v.t. 1. Colocar [unha cousa] no sitio que lle corresponde e da maneira adecuada para que poida levar a cabo a súa función.2. Poñer nun lugar ou edificio todo o necesario (mobles, utensilios, etc.) de que consta [unha cousa] para que se poida realizar unha actividade ou un servizo. SIN. establecer.3. Proporcionar a [alguén] un lugar de residencia ou un aloxamento. // v.p. 4. Pasar [alguén] a ocupar un lugar ou a fixar nel a residencia, por un período de tempo máis ou menos longo, trasladando ó mesmo as pertenzas e obxectos persoais.SIN. establecerse. 5. Acomodarse, colocarse dunha maneira determinada [unha persoa].	<b>emprazar</b> v.t. 1. Comunicar a [alguén] a hora, data e lugar dunha reunión ou cita para que acuda a ela. O director emprazouna para as oito no seu despacho. SIN. citar, convocar. 2. Citar [a un demandado] para que compareza nun xuízo nunha data determinada. Emprazárono para o día seguinte.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>empuxe</b>	<b>pulo / impulso.</b> Con estas medidas tentamos dar un novo impulso ao desenvolvemento urbano.	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo empuxar</b> .
<b>en aras de</b>	<b>a prol de / co fin de.</b> A Universidade da Coruña, co fin de fomentar o autoemprego, leva a cabo estas xornadas.	existen as palabras por separado.
<b>en base a</b>	<b>con base en.</b> Esta iniciativa, con base no que se recolle nos Estatutos, será de actuación inmediata.	existen as palabras por separado.
<b>en favor de</b>	<b>a favor de / en beneficio de.</b> O xulgado desestima en recurso a favor do acusado.	existen as palabras por separado.
<b>en orde a</b>	<b>co fin de.</b> Co fin de atinxir os resultados, débense cumprir todos os puntos sinalados no plano de actuación.	existen as palabras por separado.
<b>en vano</b>	<b>en van / en balde.</b> Non en balde, estas formulacións xa foron consideradas hai tempo.	existen as palabras por separado.
<b>ensaladiña</b>	<b>ensalada rusa.</b> A cafetería da Reitoría ofrece un menú con ensalada rusa como primeiro prato.	Aceptado polos correctores como diminutivo
<b>entorno</b>	<b>contorno</b> s.m. 1. Límite exterior dun corpo ou dun obxecto, e liña que describe ese límite. <i>O contorno dunha mesa.</i> SIN. <b>perímetro</b> . CF. <b>periferia</b> . <i>Os contornos da cara.</i> SIN. <b>perfil, silueta</b> . 2. Zona ou territorio máis ou menos delimitado arredor dun lugar considerado como o núcleo. <i>Non hai mentireiro coma el en todo o contorno.</i> SIN. <b>contorna, redonda, volta</b> .	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo entornar</b> .
<b>escombro</b>	<b>entullo</b> s.m. 1. Restos de pedras, terra, etc., que arrastra unha corrente de auga, por exemplo cando chove moito, ou que se depositan no leito dun río. Os camiños enchéronse de entullo. SIN. trollo. 2. Restos de pedra, ladrillo, madeira, etc., que quedan dunha construción que se desfai. O entullo que quedou ó tira-la casa utilízano para tapar ocos. SIN. cascote.CF. cachote.	<b>escombro</b> . s.m. Peixe mariño (cabala, correolo, rincha, xarda).
<b>estimar</b>	<b>admitir (unha demanda).</b> A demanda foi admitida polo tribunal xulgador.	<b>estimar</b> v.t. 1. Ter estima por [algo ou alguén]. Estímalo coma se fose un máis da familia. SIN. apreciar.ANT. desprezar. 2. Ter [sobre algo] a opinión [que se expresa]. Estimo que é mellor facelo desta maneira. SIN. coidar, considerar, crer, entender, pensar, xulgar. 3. Poñer prezo a, calcula-lo valor de [unha cousa]. Estimaron o cadro en dous millóns. SIN. taxar, valorar.CF. apreciar, avaliar. 4. Sentir algún tipo de satisfacción por [algo]. ¡Ai, muller!, estímoches ben o favor que me fixeches.
<b>estudio</b>	<b>estudo.</b> Neste libro, o autor recolle un estudo pormenorizado da situación hidrolóxica galega.	<b>estudio.</b> Apartamento pequeno, normalmente dun só cuarto. Cuarto dunha casa en que se estuda ou se realizan actividades de tipo profesional.
<b>facer fincapé</b>	<b>insistir.</b> Para a mellora dos servizos, debemos insistir na posta en práctica destas medidas.	existen as palabras por separado.
<b>fallar</b>	<b>ditaminar, decidir, resolver.</b> Pronunciar unha sentenza un xuíz ou decidir algo a persoa ou persoas con autoridade para facelo. A Comisión de Avaliación ditaminou que a solicitude tiña defectos de forma.	<b>fallar</b> v.i. 1. Non haber ou non ter [aquilo que se necesita], ou ter menos do necesario de [certa cousa]. Fállanlle os folgos, non pode seguir. Fallan alimentos entre a poboación pobre. SIN. faltar. 2. Non obrar [algo ou alguén] conforme se esperaba nun momento dado, non te-lo resultado esperado. Fallou no seu intento. SIN. fracasar.Falláronlle os freos. Fallaron tódalas previsións. // v.t. 3. Non obte-lo resultado que se pide ou que se espera de [algo]. Fallou varias preguntas do test. Falla-lo tiro. SIN. errar.ANT. acertar, atinar. 4. [Nalgúns xogos de cartas] botar un trunfo ó non ter [o pau que se está a xogar]. Fallou os ouros.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>fallo</b>	<b>ditame, decisión, resolución / sentenza / veredicto.</b> Con todo, a decisión do tribunal pode ser recorrida perante o reitor.	<b>fallo</b> s.m. Causa ou circunstancia que fai que algo ou alguén non sexa totalmente perfecto, non obre nun momento dado como debe ou non teña o resultado esperado. Unha teoría con fallos de método. SIN. defecto, erro. Todo o mundo ten os seus fallos. Se atopan algún fallo nos mobles, cambiámoslles por outros. SIN. defecto, falla, falta. O accidente foi debido a un fallo do motor.
<b>fecha</b>	<b>data</b> s.f. 1. Indicación precisa do tempo en que acontece ou se fai algo. A carta leva data do dous de xaneiro. 2. Época ou tempo en que sucede algo. Naquelas datas estaba eu ausente. Ese inverno foi unha data de moita auga.	<b>fecha</b> [e] s.f. Pequena cantidade de líquido. Tomei só unha fecha de viño. SIN. chopo, grollo. 2. Esa fonte no verán non ten fecha de auga. SIN. gota.
<b>fechar</b>	<b>datar</b> v.t. 1. Pó-la data [a algo] ou establece-la data de [algo]. Esta carta non se datou. Hai que data-los descubrimentos arqueolóxicos. // v.i. 2. Ter comezo ou ocorrer [unha cousa] [no tempo que se expresa]. O descubrimento data do século pasado. SIN. remontarse. Unha rivalidade que data da súa época universitaria.	<b>fechar</b> v.t. e p. Pechar. Cando saias, fecha a porta do galiñeiro. Fechou o can na bodega.
<b>finca</b>	<b>leira</b> s.f. Terreo de labranza. <i>Onte labrámo-la leira que está onda o río. Unha leira de millo.</i> SIN. <b>agro, eido, veiga.</b>	3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo fincar.</b>
<b>fraude</b>	<b>como masculino, cando é feminino.</b> Cometeu unha fraude na declaración da renda.	Os correctores non detectan o xénero.
<b>funciones</b>	<b>funcións (plural de función)</b>	2ª persoa singular do presente de subxuntivo do <b>verbo funcionar.</b>
<b>fundacional</b>	<b>da fundación.</b> O equipo de goberno estableceu a data para a reunión da fundación do Instituto Universitario.	<b>fundacional.</b> Adx. Relativo ou pertencente á fundación.
<b>fundacional</b>	<b>acta constitutiva.</b> O equipo de goberno reuniuse para redactar a acta constitutiva do Instituto Universitario.	<b>fundacional.</b> Adx. Relativo ou pertencente á fundación.
<b>fundacional</b>	<b>capital inicial.</b> O capital inicial que conta a empresa procede de varias fontes de financiamento.	<b>fundacional.</b> Adx. Relativo ou pertencente á fundación.
<b>gama</b>	<b>gamma</b> s.m. 1. Nome dunha letra do alfabeto grego. 2. Zona de frecuencias reservada ás emisións de radiodifusión. <b>Raios g.</b> , radiación electromagnética emitida nas transicións nucleares que se emprega en medicina, en metalurxia e en bioloxía. (...)	<b>gama</b> s.f. 1. Sucesión gradual de cousas, como notas musicais ou cores, que van variando de modo continuo. Unha gama de azuis. SIN. escala. 2. Variedade de cousas. Unha gran gama de produtos cosméticos.
<b>goce</b>	<b>gozo</b> s.m. 1. Sensación moi agradable que algo produce no espírito. O gozo de ler un bo libro. SIN. deleite, delicia. ANT. afliximento. 2. Sensación moi agradable experimentada polos sentidos. Gozo sexual. u SIN. pracer.	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo gozar.</b>
<b>grado</b>	<b>grao</b> s.m. 1. Cada un dos estados, situacións ou valores que pode ter unha cousa en relación de menor a maior ou viceversa. <i>Os distintos graos dunha xerarquía. Un alto grao de risco.</i> SIN. <b>nivel.</b> 2. Título de certos estudos. <i>Grao de doutor.</i> 3. Cada unha das trescentas sesenta partes nas que se dividen a circunferencia e o círculo e coas que se miden arcos e ángulos. <i>Un ángulo de trinta graos.</i> 4. Cada unha das divisións ou unidades dunha escala que corresponden a un sistema de medida, como o da temperatura ou o alcol. <i>Unha temperatura de quince graos á sombra. Este viño ten moitos graos.</i> s <b>En maior</b> ou <b>menor grao.</b> En maior ou menor medida. / <b>En sumo grao.</b> No maior grao posible.	<b>grado</b> s.m. Facultade de decidirse a actuar ou non actuar, de decidir algo despois de reflexionar. OBS. Utilízase case exclusivamente nas expresións: <b>De (bo) grado.</b> Voluntariamente, con gusto. Aceptou de bo grado a participación no debate. / <b>De mal grado.</b> De mala gana, a desgusto. Acabouno facendo, pero de mal grado.
<b>grados</b>	<b>Salón de graos.</b> A cerimonia de entrega dos diplomas terá lugar no salón de graos.	<b>Grado</b> non ten plural ( <i>Fíxoo de (bo/mal) grado</i> ). Erro de corrección nos correctores MS Office e OpenOffice. Ben corrixido no OrtoGal.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>grao</b>	<b>gran</b> <sup>1</sup> s.m. 1. Semente dos cereais. <i>Gran de millo, de trigo</i> . CF. <b>gra</b> . 2. Semente doutros froitos, de forma máis ou menos redonda e sen casca. <i>Café en gran. Gran de arroz</i> . 3. Cada unha das partículas, de forma máis ou menos redonda, que constitúen unha masa máis grande. <i>Buscar un gran de area no deserto</i> . 4. <i>Lesión cutánea leve consistente nunha pequena elevación da epiderme de ata un centímetro de diámetro, que pode ser orixinada por diversos motivos, como unha doenza, unha picadela dun insecto, etc. O xarampón, a varicela e certas alerxias provocan a aparición de grans. Ten a cara chea de grans.</i>	<b>grao</b> s.m. 1. Cada un dos estados, situacións ou valores que pode ter unha cousa en relación de menor a maior ou viceversa. <i>Os distintos graos dunha xerarquía. Un alto grao de risco</i> . SIN. <b>nivel</b> . 2. Título de certos estudos. <i>Grao de doutor</i> . 3. Cada unha das trescentas sesenta partes nas que se dividen a circunferencia e o círculo e coas que se miden arcos e ángulos. <i>Un ángulo de trinta graos</i> . 4. Cada unha das divisións ou unidades dunha escala que corresponden a un sistema de medida, como o da temperatura ou o alcol. <i>Unha temperatura de quince graos á sombra. Este viño ten moitos graos</i> . s <b>En maior</b> ou <b>menor grao</b> . En maior ou menor medida. / <b>En sumo grao</b> . No maior grao posible.
<b>grúa</b>	<b>guindastre</b> s.m. Máquina para levantar e levar grandes pesos dun punto a outro. Tamén se di grúa <sup>2</sup> . Nos portos hai guindastres para carga-la mercancía nos barcos. Na construción de edificios utilízanse guindastres.	<b>grúa1</b> s.f. Ave de patas e pescozo longos, de cor gris sobre a que destaca unha mancha encarnada na parte superior da cabeza, e que adoita manterse sobre un pé cando está pousada. As grúas, coma moitas outras aves, marchan a África a pasa-lo inverno. CF. grou. <b>grúa2</b> s.f. V. guindastre. (Neste caso é un termo tolerado pero o correcto é guindastre).
<b>haber lugar</b>	<b>proceder</b> . Segundo os Estatutos, o recurso non procede.	
<b>hasta</b>	<b>ata</b> prep. 1. Indica termo ou fin ó que se chega no espazo, tempo, acción e cantidade. <i>Vou ata a casa. Quedo aquí ata mañá. Come ata que te fartes. Conta ata vinte</i> . CF. <b>deica</b> . OBS. Non sempre <i>ata</i> pode ser substituída por <i>deica</i> , xa que esta última sempre precisa o punto de partida. // adv. 2. Incluso, mesmo. <i>É tan simple, que ata un neno o entendería</i> .	<b>hasta</b> s.f. 1. Barra longa e dereita en que se suxeita algunha cousa. A hasta da bandeira. SIN. mastro. 2. Corno dun animal. As hastas do touro.
<b>influínte</b>	<b>influyente</b> . A antiga directora do departamento segue a ser unha persoa influyente na facultade.	1ª persoa singular do pretérito perfecto do <b>verbo influír</b> + o pronome <b>te</b> .
<b>inversión</b>	<b>investimento</b> s.m. Acción e efecto de investir, isto é, de emprega-lo capital en negocios para que aumente. Comprando esas accións, farás un grande investimento. É un bo investimento que non debes deixar pasar. Investimento público.	<b>inversión</b> s.f. Acción e efecto de inverter ou invertirse. Ó face-la inversión das figuras aparecían outras con significado diferente.
<b>la</b>	<b>a</b> <sup>2</sup> art. det. f.	existe " <b>la</b> " como <b>2ª forma de artigo</b>
<b>labor</b>	<b>labor como feminino cando é masculino</b> . Non podemos esquecer o labor que exerceu o antigo vicerreitor.	Os correctores non detectan o xénero.
<b>largo</b>	<b>longo -a</b> adx. 1. Que ten moita lonxitude ou máis da que é habitual. Pernas longas. Un camiño máis longo ca outro. ANT. curto. 2. Que dura moito tempo ou máis tempo do que se espera. Unha película demasiado longa. Unha longa enfermidade. Longas vacacións. ANT. breve, curto. 3. Que precisa moito tempo para ser lido ou escrito. Unha longa lista de nomes. Un relato moi longo. SIN. extenso. ANT. breve, curto. // s.m. 4. Longura, lonxitude. Unha mesa de tres metros de longo. Un libro de 24 cm de longo e 15 de largo. CF. largo, largura. s Ó longo de. loc. prep. 1. No sentido da maior dimensión daquilo que se menciona. Foi andando ó longo do camiño. 2. Indica duración no tempo. Ó longo da vida adquirese experiencia.	<b>largo -a</b> adx. 1. Extenso en largura, que ten unha largura considerable. Unha estrada larga, con dous carrís en cada sentido. ANT. angosto, estreito. 2. Que non se axusta ou cingue. Gústame levar pantalóns largos, que non me aperten. SIN. amplo, ancho, folgado. ANT. estreito. // s.m. 3. Largura, dimensión de largo. Este campo ten vinte metros de largo por sesenta de longo. SIN. anchura. u SIN. ancho.
<b>levantar acta</b>	<b>redactar a acta</b> . Como secretaria, redacta a acta de todos os acordos desta comisión.	existen as palabras por separado.
<b>listado</b>	<b>listaxe</b> s.f. Serie de palabras, nomes ou signos escritos un detrás doutro. <i>Fai a listaxe do material que se precisa</i> . SIN. <b>lista</b> , <b>relación</b> .	participio do <b>verbo listar</b>



É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>mais</b>	<b>máis</b> 2 indef. 1. O outro, os demais. Levei o fillo pequeno comigo, os máis quedaron na casa. Ti xa fixeches abondo, o máis que o faga el. 2. A maioría. OBS. Utilízase xeralmente precedido do artigo e seguido da preposición de. Ti fara-lo que fagan os máis. Deixou a máis da comida no prato. <b>máis</b> 1 adv. 1. Indica un aumento ou superioridade en cantidade, intensidade ou número, que pode expresarse en comparación con outro elemento ou de maneira absoluta, sen pólo en relación con nada. ANT. menos. // s.m. 2. Signo matemático (+) que indica suma de elementos. s De máis.loc. adv. En exceso, de sobra. / Máis ou menos. loc. adv. Aproximadamente, cerca de. Faltan dez minutos máis ou menos para o comezo da función. / Nin máis nin menos. loc. adv. Exactamente, xustamente. Iso é o que eu quería, nin máis nin menos. / Por máis que. loc. adv. Indica a imposibilidade de conseguir algo aínda que se insista e se faga todo o posible por conseguilo.	<b>mais</b> conx. 1. Indica suma de elementos. Eu mais uns amigos fomos de troula. SIN. <b>e</b> .OBS. Pode empregarse reforzada por <b>e</b> ou <b>a</b> formando unha locución. <i>Eu e mais ti. El a maila filla do outro</i> . 2. Introduce unha oposición ou unha restrición a algo que se dixo. <i>lamos ir á praia, mais non podemos porque chovía</i> . SIN. <b>pero</b> .
<b>mandamento</b>	<b>mandado</b> s.m. 4. Aquilo que se manda facer a alguén. OBS. Inclúe o uso na xustiza onde o que se manda facer ten carácter obrigatorio. O neno vai a un mandado. Teño que face-los mandados que me dixeron. SIN. encargo, recado.Tiveron que deixa-la casa porque lles chegou un <b>mandado xudicial</b> . CF. pedido.Os mandados do corazón. CF. mandato. // O mandado do reitor non poderá pasar dos oito anos.	<b>mandamento</b> s.m. Regra dada por Deus ou pola Igrexa. Os dez mandamentos da lei de Deus. Un dos mandamentos da Igrexa católica é asistir á misa tódolos domingos. SIN. precepto.
<b>mango</b>	<b>manga</b> (froita)	<b>mango</b> s.m. Parte polo xeral estreita e longa, por onde se agarra un utensilio. O mango da tixola. SIN. rabo. O mango da vasoira. O mango do coitelo. SIN. cabo.
<b>matrícula de honor</b>	<b>matrícula de honra</b> . Cada vez son máis os alumnos que reciben matrículas de honra nesta Facultade.	existen as palabras por separado.
<b>matrimonio por poderes</b>	<b>casamento por procuración</b> . Para a realización dun casamento por procuración, a parella deberá presentar no rexistro os seguintes documentos:	existen as palabras por separado.
<b>meirande</b>	<b>maior</b> adx. 3. Dise da persoa que ten máis idade ca outra.	<b>meirande</b> adx. Máis grande. OBS. Meirande carece do sentido de maior como 'máis vello', polo que non sempre son sinónimos. A miña casa é meirande cá túa. ANT. menor.
<b>modelado</b>	<b>modelaxe</b> s.f. 1. Acción de modelar [unha substancia] para darlle unha forma determinada. <i>A modelaxe en arxila</i> . 2. Arte ou técnica de modelar. <i>Recibe clases de modelaxe</i> . 3. Obra obtida por este procedemento. <i>Exposición de modelaxes</i> .	participio do <b>verbo modelar</b> .
<b>montante</b>	<b>contía</b> . A contratación destes servizos ten unha contía moi elevada.	<b>montante</b> s.m. 1. Traveseiro dunha porta. 2. Elemento vertical de sostén (o montante dunha escaleira). 3. Columna ou outro elemento arquitectónico que divide verticalmente unha ventá en dúas; parteluz. 4. Xanela que constitúe unha prolongación vertical da porta pola súa parte superior. OBS. repárese que se debe evitar o uso como equivalente de "suma", "importe", "total".
<b>monto</b>	<b>cantidade / importe / suma</b> . A cantidade non pode ser asumida pola Universidade.	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo montar</b> .

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>moro</b>	<b>mouro -a</b> <i>adx.</i> 2. Nativo do norte de África. <i>Os habitantes de Marrocos son mouros.</i> Tamén <i>s.</i> <i>Moitos mouros emigraron a Europa.</i> 3. Que profesa a relixión musulmá. <i>Unha comunidade moura.</i> Tamén <i>s.</i> <i>Os mouros viviron en España desde o século VIII ata o século XV.</i> CF. <b>árabe, musulmán, sarraceno.</b>	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo morar.</b>
<b>mucho/a</b>	<b>moito -a</b> <i>indef.</i> 1. Indica intensidade, gran cantidade ou número elevado. Rematar esta obra prodúcenos moita alegría. Unha clase con moitos alumnos. Ten moito que dicir. // <i>adv.</i> 2. Expresa gran cantidade ou grao elevado de algo e pode intensifica-lo significado dun adxectivo ou adverbio. Corre moito. O meu é moito mellor có teu.	<b>mucho -a</b> <i>adx.</i> 1. Que secou, que perdeu a súa frescura [vexetal]. Tirou os caraveis muchos. 2. <i>fig.</i> Que perdeu o bo aspecto, a enerxía, o vigor, etc. Está mucho de tanto trasnoitar. u SIN. murcho. ANT. vizoso.
<b>niveles</b>	<b>niveis</b> (plural de nivel)	2ª persoa singular do presente de subxuntivo do <b>verbo nivelar.</b>
<b>octavo</b>	<b>oitavo -a</b> <i>num. ord.</i> 1. Que ocupa o lugar número oito nunha serie. <i>O tomo oitavo da colección.</i> SIN. <b>oito</b> . <i>O oitavo alumno empezando pola dereita.</i> 2. <i>Que corresponde á división dun todo en oito partes iguais [parte]. A oitava parte da torta. // s.m.</i> 3. <i>Cada unha das oito partes iguais en que se divide un todo. Un oitavo da torta. // s.f.</i> 4. <i>Composición poética de oito versos con rima consonante, en particular a formada por oito hendecasilabos, dos que riman entre si o primeiro, terceiro e quinto, o segundo, cuarto e sexto, e o sétimo co oitavo. Compuxo varias oitavas para un concurso literario.</i>	Erro de corrección no corrector MS Office. Ben corrixido nos correctores OpenOffice e OrtoGal.
<b>ola</b>	<b>onda</b> <sup>1</sup> <i>s.f.</i> 1. Cada unha das elevacións producidas polo vento na superficie do mar, dun río ou dun lago. <i>As ondas balancean o barco.</i> SIN. <b>vaga</b> . <i>Desde a beira viámo-las pequenas ondas do Miño.</i> 4. Cambio brusco da temperatura. <i>Unha onda de calor.</i>	<b>Remuíño / Recipiente / Interxección.</b>
<b>orden</b>	<b>orde</b> <i>s.f.</i> 1. Organización, disposición das cousas ou persoas no lugar que lles convén. 2. Sistema para facer algo. 3. Categoría na que se clasifican as cousas ou persoas. 4. Situación social de estabilidade en que son respectadas as institucións e as leis. 5. Sistema de leis, institucións, etc., que rexen a organización política, xurídica, económica, etc., dunha sociedade. A orde económica mundial. (...) 12. Obriga de facer algo imposta por alguén. Recibiron a orde de regresar antes das dez. SIN. mandado. CF. <i>consigna.s</i> Estar á orde do día (unha cousa). Estar de moda, ser corrente ou de actualidade. / Orde do día. Conxunto de temas ou puntos que serán tratados sucesivamente nunha reunión.	3ª persoa plural do presente de indicativo do <b>verbo urdir</b> (con alternancia vocálica).
<b>oro</b>	<b>ouro</b> <i>s.m.</i> 1. Quím. Metal precioso de cor amarela brillante, o máis dúctil e maleable de tódolos metais e inalterable polos axentes atmosféricos. O seu símbolo é Au. O ouro utilízase moito en xoiería. En Ourense explotábanse minas de ouro no tempo dos romanos. // <i>pl.</i> 2. Un dos catro paus da baralla, representado por unhas moedas de ouro. OBS. Tamén se emprega ás veces en singular. Trunfan ouros. Gañou a man fallando cun ouro. <i>s</i> A prezo de ouro. [Comprar, vender, pagar] a un prezo moi elevado.	1ª persoa do presente de indicativo do <b>verbo orar.</b>

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>pala</b>	<b>pa</b> s.f. 1. Utensilio composto dun mango e dunha folla de madeira ou de ferro con forma rectangular ou arredondada, que serve para recoller algo. Colle a pa e saca o pan do forno. A cativa xogaba coa pa e o caldeiro. 2. Parte larga e plana de diversos obxectos, coma a do remo, aixadas, sachas, etc. Regañou a pa da sacha. 3. Parte superior das patas de diante dos animais que se corresponde, no home, con cada un dos ósos largos e case planos situados a ámbolos lados das costas. A carne da pa é moi saborosa. SIN. paleta.CF. espádoa, omoplata. 4. Táboa de madeira, de forma case redonda e con mango, que se utiliza en certos xogos de pelota. Algunhas modalidades de frontón xóganse con pas. s Pa mecánica. Máquina de escavar e cargar, dotada dun motor que acciona un gran recipiente dentado e que permite o seu desprazamento. Para abri-la estrada trouxeron unha moderna pa mecánica. SIN. escavadora.	<b>pala</b> s.f. Cavidade natural no terreo, de dimensións considerables. Os pastores utilizan as palas como refuxio. Agardaron a que esteara, nunha pala que había entre os penedos. SIN. cova.
<b>palillo</b>	<b>escarvadentes.</b> Achamos de menos un dispensador de escarvadentes na cafetería.	<b>palillo</b> s.m. Cada un dos paus de pequeno tamaño que se utilizan para facer encaixes e puntillas.
<b>parlamentar</b>	<b>parlamentario -a</b> <i>adx.</i> 1. Relativo ou pertencente ó parlamento. <i>Comisións parlamentarias. Sesión parlamentaria</i>	<b>verbo parlamentar.</b>
<b>pasar polo aro</b>	<b>Vir ao rego.</b> O alumnado non veu ao rego cando o responsable presentou as súas propostas.	existen as palabras por separado.
<b>peca</b>	<b>penca</b> s.f. Mancha pequena de cor parda, que sae na cara ou noutras partes do corpo. <i>Co sol saénlle moitas pencas.</i> SIN. <b>marxa</b> .	3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo pecar</b> .
<b>píldora</b>	<b>pílula</b> s.f. Pastilla pequena.	<b>píldora</b> s.f. Ave da cal existen varias especies de distinto tamaño, coa plumaxe xaspeada ou con pintas, patas vermellas, verdes ou de cor escura, que viven en lagoas, na beira dos ríos ou do mar. Un niño de píldora. SIN. bilurico.
<b>poda</b>	<b>poida.</b> 1ª e 3ª persoa do presente de subxuntivo do <b>verbo poder</b> .	<b>poda.</b> 3ª persoa do presente de indicativo e 2ª persoa do imperativo do <b>verbo podar</b> .
<b>prenda</b>	<b>Peza de roupa</b>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo prender</b> .
<b>púa</b>	<b>puga</b> s.f. 1. Calquera obxecto dunha materia ríxida, delgado e aguzado. <i>Unha espiña é unha puga.</i> 2. Anaco novo dunha póla de árbore que se introduce noutro para facer un enxerto. <i>Hasme enxertar unhas pugas de tabardilla.</i> 3. <i>Mús.</i> Pequena lámina a modo de uña, de óso, ou modernamente de plástico, que se usa para facer vibra-las cordas de instrumentos tales coma a bandurra, a guitarra, etc. <i>Toca sempre con puga.</i> // No Volga <b>púa</b> como entrada tolerada pero como correcta <b>puga</b> .	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo puír</b> (Alisar unha superficie por fricción; pulir).
<b>racha</b>	<b>ter a sorte de cara; estar de boas</b>	<b>racha</b> 1 s.f. 1. Estela grande de madeira ou de pedra feita ó rachar outra máis grande. Fixo unhas rachas de leña coa machada. SIN. acha.Tapou as fendas do muro cunhas rachas de pedra. 2. Cacho delgado e plano que se parte ou corta dunha cousa. Unha racha de touciño. 3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo rachar</b> .
<b>racha</b>	<b>refacho</b> s.m. Golpe de vento producido por un cambio brusco da dirección do mesmo. Un refacho viroume o paraugas. SIN. axada, refoleo.	<b>racha</b> 1 s.f. 1. Estela grande de madeira ou de pedra feita ó rachar outra máis grande. Fixo unhas rachas de leña coa machada. SIN. acha.Tapou as fendas do muro cunhas rachas de pedra. 2. Cacho delgado e plano que se parte ou corta dunha cousa. Unha racha de touciño. 3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo rachar</b> .

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>radio</b>	<b>raio</b> 3. Xeom. Liña recta que vai desde o centro dunha circunferencia a calquera punto dela, ou desde o centro dunha esfera a calquera punto da súa superficie. O raio e o diámetro da circunferencia. 4. Cousa ou peza desas características. Os raios dunha roda de bicicleta. 5. fig. Espazo circular determinado polo seu raio. Non vivía ninguén nun raio de cinco quilómetros.	<b>radio</b> 3 s.m. Anat. Óso do antebrazo, máis curto có cúbito. <b>radio</b> 2 s.m. Quím. Metal moi radioactivo da familia do uranio, de cor branca prateada. O seu símbolo é Ra. <b>radio</b> 1s.f. 1. Forma abreviada e máis utilizada de radiodifusión. 2. Forma abreviada de radiotelefonía. 3. Aparato para recibir emisións producidas por radiodifusión.
<b>rape</b>	<b>rabada / peixe sapo</b>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª persoa do imperativo do <b>verbo rapar</b> .
<b>rato</b>	<b>momento</b> s.m. 1. Espazo moi pequeno de tempo. Só tardo un momento. Non tiven en toda a mañá un momento de descanso. SIN. instante, intre, reirincio. Despois dun momento, as persoas que abandonaron a reunión decidiron reincorporarse.	<b>rato</b> s.m. 1. Pequeno mamífero roedor, de cor gris ou parda e rabo delgado e longo, do que existen diversas especies das que algunha vive nas casas e outras no campo. Os ratos roéronlle o saco para come-la fariña. 2. Inform. Dispositivo manual que permite localizar na pantalla un punto e actuar sobre el, que se manexa desprazándoo sobre unha superficie plana ou ben pode estar incorporado ó teclado.
<b>recargo</b>	<b>recarga</b> s.f. Cantidade adicional de diñeiro que se aumenta a unha carga, cota, imposto, etc. O recibo vén con recarga. Ten unha recarga de cincuenta pesetas.	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo recargar</b> .
<b>recibín</b>	<b>xustificante de recepción</b> . Xunto co material enviamos un xustificante que debe ser asinado pola persoa receptora.	1ª persoa singular do pretérito perfecto do <b>verbo recibir</b> .
<b>recorrer</b>	<b>percorrer</b> v.t. Andar en toda a súa extensión ou en tódolos sentidos [un camiño, lugar, escala, etc.]. Percorreu o país de norte a sur. SIN. correr. Tardamos tres horas en percorrer tódalas salas do museo.	<b>recorrer</b> v.i. 1. Presentar recurso contra unha resolución xudicial, administrativa, etc. OBS. Aínda que se emprega ás veces como transitivo, recoméndase utilizalo como intransitivo seguido da preposición contra. Recorreu contra a sentenza emitida polo xuíz. Parece ser que o avogado ten a intención de recorrer. CF. apelar. 2. Dirixirse [a alguén] para solicita-la súa axuda. En caso de apuro sempre tiña un amigo a quen recorrer. SIN. acudir. 3. Utilizar [unha cousa] como axuda ou solución. En caso de dúbida podes recorrer á enciclopedia. Tivo que recorrer ó engano para logralo seu obxectivo.
<b>recorrido</b>	<b>percorrido</b> s.m. 1. Acción de percorrer. Durante o percorrido da manifestación non se rexistraron incidentes. 2. Espazo que percorre ou vai percorrer [unha persoa, un animal, unha cousa ou un grupo]. A carreira desenvólvese sobre un percorrido de dez quilómetros. CF. itinerario, ruta. O cabalo gañador só derrubou un obstáculo en todo o percorrido. ¿Que percorrido segue ese autobús? SIN. itinerario, ruta, traxecto. No seu percorrido a bala non lle afectou ningún órgano vital. CF. traxectoria. O grupo iniciou o seu percorrido na Patagonia. CF. expedición, viaxe. O percorrido do pistón.	participio do <b>verbo recorrer</b> .
<b>resume</b>	<b>resumo</b> s.m. Escrito ou discurso breve en que están contidos os puntos esenciais dun máis extenso. <i>Fixo un resumo do argumento da novela. Este artigo é un resumo da conferencia que pronunciou onte.</i> SIN. <b>compendio, extracto</b> .	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo resumir</b> .
<b>resumen</b>	<b>resumo</b> s.m. Escrito ou discurso breve en que están contidos os puntos esenciais dun máis extenso. <i>Fixo un resumo do argumento da novela. Este artigo é un resumo da conferencia que pronunciou onte.</i> SIN. <b>compendio, extracto</b> .	3ª persoa plural do presente de indicativo do <b>verbo resumir</b> .

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>retrasar</b>	<b>atrasar</b> v.t. 1. Deixar [algo] para facer noutro momento ou nun día posterior ó que se tiña fixado. Foi preciso atrasa-la reunión ata as seis. A compañía atrasou a saída do avión. SIN. adiar, aprazar, delongar, pospor, postergar, retardar. ANT. adiantar, anticipar. 2. Datar [unha cousa] nun tempo anterior. Novos descubrimentos permiten atrasar cen anos a época das ruínas. 3. Desprazar cara a atrás as agullas de [o reloxo] ou facer que anden máis a modo do normal. Hoxe hai que atrasa-los reloxos unha hora. ANT. adiantar. 4. fig. Impedi-lo normal desenvolvemento ou realización de [algo]. Uns asuntos imprevistos atrasaron os seus proxectos. SIN. retardar. // v.i. 5. Movérense as agullas de [o reloxo] máis a modo do normal, de xeito que sinalan un tempo xa pasado. Cambioulle a pila ó reloxo porque atrasaba. ANT. adiantar. 6. fig. Ir cara a atrás. Aquí en vez de progresar atrasamos. SIN. retroceder. ANT. avanzar, progresar. // v.p. 7. Quedar atrás, non chegar a tempo. O corredor atrasouse moito e chegou fóra de control. ANT. adiantarse.	Erro de corrección no corrector MS Office. Ben corrixido nos correctores OpenOffice e OrtoGal.
<b>retrazo</b>	<b>atraso</b> s.m. 1. Efecto de atrasar ou atrasarse. Recibíronnos con media hora de atraso con respecto ó horario previsto. SIN. dilación (máis culto). O tren leva unha hora de atraso. SIN. demora. ANT. adianto. 2. Falta de desenvolvemento nun aspecto determinado [dun país, civilización, etc.]. O atraso económico de certos países. // pl. 3. Cantidades que non se pagaron a tempo. Os atrasos da luz. CF. adianto.	Erro de corrección no corrector MS Office. Ben corrixido nos correctores OpenOffice e OrtoGal.
<b>revocar</b>	<b>revogar</b> v.t. Deixar sen efecto ou anular [unha sentenza, orde, resolución, concesión, etc.]. Revogar unha decisión, un decreto. A sentenza foi revogada polo xuíz.	<b>revocar</b> v.t. Cubrir unha parede cunha capa de argamasa; recebar.
<b>secreto (subst.)</b>	<b>segredo</b> . O segredo foi comentado por toda a sala.	<b>secreto -a</b> adx. Que é coñecido só por un grupo reducido de persoas [cousa]. Un pacto secreto. Fuximos do castelo por un pasadizo secreto. Ninguén coñecía a combinación secreta da caixa forte.
<b>segredo (adx.)</b>	<b>secreto</b> . As votacións para representantes de alumnas serán persoais e secretas.	<b>segredo</b> s.m. 1. Aquilo que se mantén oculto, que non se dá ou non se debe dar a coñecer ós demais. É un segredo entre ti e min. Gardar un segredo. 2. Calidade de quen non dá a coñece-las súas intencións, as súas actividades, etc. Actuaron co máximo segredo e a operación resultou un éxito. CF. discreción, reserva, sixelo. 3. Maneira secreta de facer certa cousa. Os segredos da boa cociña. Consérvase coma de trinta, ¿cal será o seu segredo? 4. O que ten de oculto ou misterioso [algunha cousa]. (...)
<b>sentencia</b>	<b>sentenza</b> s.f. 1. Decisión dun xuíz ou dun tribunal sobre un caso concreto. <i>A sentenza foi exemplar</i> . CF. veredicto. 2. Dito ou frase que expresa un consello ou xuízo da sabedoría popular. <i>As vellas sentenzas son útiles para a vida</i> . SIN. adaxio. CF. proverbio, refrán.	3ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo sentenciar</b> .
<b>serea</b>	<b>sirena</b> s.f. Bucina que, nos barcos, coches da policía, ambulancias, etc., se emprega para facer sinais. Debeu haber un accidente porque se oían sirenas. A sirena da fábrica.	<b>serea</b> s.f. Ser fantástico con busto de muller e o resto do corpo de peixe.
<b>serena</b>	<b>serea</b> s.f. Ser fantástico con busto de muller e o resto do corpo de peixe.	<b>sereno/a</b> adx. <b>1.</b> Que controla o seu temperamento; acougado, calmo, tranquilo. <b>2.</b> Dise do tempo claro, sen nubes nin cambios súpetos; apracible, tranquilo. <b>3.</b> Que non está bébedo, sobrio.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>seta</b>	<b>cogomelo</b> s.m. Fungo que ten un pé ou talo rematado nunha especie de sombreiro, do cal existen varias especies que poden ser comestibles ou non. <i>Foron coller cogomelos ó monte.</i>	<b>seta</b> s.f. Arma de lanzar, xeralmente por medio dun arco, que consiste nunha barra fina rematada en punta polo extremo anterior. Tirar unha seta cun arco. SIN. frecha.
<b>si</b>	<b>se2</b> conx. 1. Introduce unha condición. Se che parece ben, imos á praia. 2. Emprégase cando o verbo expresa unha cousa incerta, como no caso dunha dúbida ou dunha interrogación indirecta. Vai ti saber se chora coa risa ou de pena. Non sei se vaia. Preguntoume se ía cear con el. 3. Pode contribuír a conseguir maior énfase na frase. ¡Pero se eu non sei cantar! s Se cadra. V. cadrar.	<b>si3</b> s.m. Sétima nota da escala musical. Sonata en si menor. <b>si2</b> adv. 1. Palabra con que se afirma algo, ou resposta a unha pregunta, ou con que se dá énfase a algo que se di. -¿Ides chegar tarde? -Si. Si, si, é contigo con quen falo. // s.m. 2. Apoio, licenza, permiso. Agardámo-lo si das autoridades para comeza-la obra. Contamos co voso si. u ANT. non. s ¿El si? V. el./ ¿Non si? V. non. / Si tal. V. tal. <b>si1</b> pron. pers. Forma reflexiva tónica de terceira persoa. OBS. Emprégase sempre con preposición. Sempre anda falando de si. Só mira por si. s Dar de si. 1. Alongarse, estirarse. Este tecido dá moito de si. 2. Render, ter capacidade, ser capaz. Non lle pidas tanto que o pobre non dá máis de si.
<b>sen embargo</b>	<b>no entanto / con todo / porén.</b> A pesar da defensa dos relatores, as medidas, <b>porén</b> , foron rexeitadas.	existen as palabras por separado.
<b>síndrome</b>	<b>como masculino, cando é feminino.</b> As persoas infectadas coa SIDA diminúen no primeiro mundo mais incrementan en África.	Os correctores non detectan o xénero.
<b>so pretexto de</b>	<b>co pretexto de / co gallo de.</b> Co pretexto de atender o alumnado, varios profesores abandonaron a reunión.	existen as palabras por separado.
<b>sola</b>	só adx. m. (f. <b>soa</b> ) 1. Sen compañía. Anda sempre soa e non fala con ninguén. SIN. senlleiro, solitario.Vive só desde que quedou orfo. Fíxoo el só, sen axuda de ninguén.	<b>sola</b> s.f. Parte inferior do calzado, que está en contacto co pé e que se apoia no chan ó camiñar. O zapateiro botoulles unhas solas novas ós zapatos. Unhas sandalias de solas de goma.
<b>solar</b>	<b>terreo</b> s.m. 2. Extensión de chan terrestre utilizado ou arranxado para distintos fins, como o cultivo, as construcións, etc. Vendeu casa e terreos. SIN. terra. Fixo un chalé nuns terreos que tiña preto da praia. <b>Terreo edificable.</b> Terreo onde se construíu ou onde se pode construír. Vendeu un terreo edificable. SIN. soar2.	<b>solar</b> adx. Pertencente ou relativo ó Sol. Os raios solares. O sistema solar.
<b>surtir</b>	<b>fornecer; facer, ter, ocasionar.</b> Estas actuacións non terán os seus efectos até a súa publicación no DOG. Cada ano temos que fornecer os nosos servizos das subministracións precisas.	Erro de corrección no corrector MS Office. Ben corrixido nos correctores OpenOffice e OrtoGal.
<b>sustancia</b>	<b>substancia</b> s.f. 1. Calquera elemento ou conxunto de elementos líquidos, sólidos ou gasosos de que están formados os corpos. Substancia orgánica. ¿De que substancias está composta esa mestura? Inxectáronlle unha substancia velenosa.	<b>sustancia</b> s.f. 1. Aquilo en que reside o alimento e o sabor dunha comida. O guiso ten moita sustancia. CF. substancia. 2. Caldo de galiña que se lles daba ás mulleres que acababan de parir. Preparoulle unha sustancia á filla.
<b>tal vez</b>	<b>talvez.</b> Talvez teremos que reconducir as nosas accións no futuro.	existen as palabras por separado.
<b>talar</b>	<b>cortar / tronzar.</b> A nova reordenación do campus supón tronzar algunhas árbores.	<b>talar.</b> adx. 1. Dise da vestidura, xeralmente eclesiástica, que baixa ata os talóns. 2. Relativo aos talóns ou calcañares. 3. Dise das ás que tiña o deus romano Mercurio nos talóns.
<b>talla</b>	<b>talle</b> s.m. 1. Altura do corpo humano. Os nenos de máis talle, todos a baloncesto. SIN. estatura.CF. tamaño.Tamén fig. Unha persoa de gran talle intelectual. 3. Cada unha das medidas convencionais, establecidas en series graduais, que se utilizan sobre todo en confección de pezas de roupa e de calzado, e que nos permiten recoñecer facilmente se son grandes ou pequenas de abondo. Os talles varían segundo os países. CF. número. De zapatos gasta o talle corenta e tres. SIN. número.CF. pé.	<b>talla</b> s.f. 1. Acción e efecto de tallar ou de fender e separar en partes. A talla de árbores. SIN. corta. 2. Acción e efecto de tallar ou de dar forma a unha escultura, unha pedra preciosa, etc. Aprendeu talla na Escola de Artes e Oficios. 3. Representación escultórica, especialmente a feita en madeira. Á dereita da pía hai unha talla de san Roque.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
tesña	<b>tese de licenciatura.</b> O SNL convoca axudas para a realización de teses de licenciatura en galego.	<b>diminutivo de tesa. Teso/a adx.</b> 1. Que se mantén dereito, liso ou ríxido a pesar de ser flexible. 2. Sen dobrar; firme, ríxido. 3. <i>Fig.</i> Dise da persoa fachendosa, chea de orgullo; arrogante, vaidoso. 4. Dise do que se mantén nunha postura firme e inflexible.
tiroides	<b>tiroide</b> s.f. Anat. Glándula situada na parte anterior e inferior do pescozo, que segrega unha hormona rica en iodo e que desempeña importantes funcións do metabolismo. O aumento de tamaño da tiroide provoca o bocio. Tamén adx. Glándula tiroide.	É o plural de <b>tiroide</b> .
topo	<b>toupa</b> s.f. Pequeno mamífero insectívoro, de patas curtas e fortes uñas coas que escava as galerías en que vive. Tamén se chama <b>toupo</b> ou <b>toupeira</b> . <i>As toupas furáronlle toda a horta.</i>	1ª persoa singular do presente de indicativo do <b>verbo topar</b> .
toro	<b>touro</b> s.m. 1. Macho da vaca. En España fanse corridas de touros bravos. CF. boi. 2. Tauro. Se naceu o primeiro de maio, pertence a Touro.	<b>toro</b> s.m. 1. Parte dunha árbore ou dun arbusto grande, que está entre a raíz e as pólas. Toro de castiñeiro. SIN. tronco. CF. torada. 2. Esa parte, cando está cortada polos extremos. Un camión cargado con toros de salgueiro. O toro de eucalipto pode dar varias toradas. CF. torada. 3. Cada un dos anacos que resultan de cortar un tronco de árbore ou unha torada. Partiu os toros co machado en rachas. SIN. torada. 4. Porción circular de carne, peixe ou froito. Un toro de pescada. SIN. roda.
transvase	<b>transvasamento</b> s.m. 1. Acción e efecto de transvasar, en particular, toda ou parte da auga dun río a outro. <i>Co transvasamento, unha grande extensión de terra puido dedicarse a regadío.</i>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª singular do imperativo do <b>verbo transvasar</b>
trema	<b>tremo</b> s.m. Tremedal. <i>Levou as ovellas a pacer ó tremo. Tremedal s.m. Terreo baixo e moi húmido. Estes tremedais están cubertos de auga durante todo o inverno. SIN. braña, lameiro, tremo. CF. bulleiro, trollo.</i>	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª singular do imperativo do <b>verbo tremer</b> .
tregar	<b>rubir / agatuñar / gabear.</b> O ladrón rubiu pola fachada para cometer o roubo.	<b>tregar</b> v.t. Pisar moito [unha cousa] cos pés. Tiña un terreo sementado e trepáronllo todo os rapaces. SIN. tripar.
una	<b>unha</b> art. indet., adx. e indef. f. V. un	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª singular do imperativo do <b>verbo unir</b> .
valla	<b>barreira móbil.</b> Para evitar problemas, puxéronse unhas barreiras móbiles nos sumidoiros que se van arranxar.	1ª e 3ª persoa singular do presente de subxuntivo e 3ª singular do imperativo do <b>verbo valer</b> .
vela	<b>candea</b> s.f. 1. Obxecto de cera en forma de cilindro longo, que leva unha torcida no seu interior e serve para alumar. Prendeu unhas candeas no altar do santo. 2. fig. Inflorescencia en forma de espiga do castiñeiro, bidueiro, millo etc. Coa primavera os bidueiros cóbrense de candeas. sin. candeón, recandea. 3. Xeo que se forma ao conxelárense as pingas de auga que caen dun tellado ou dun lugar similar e que pola súa forma recordan unha candea. O sol da mañá derreteu as candeas do beiril. SIN. <b>caramelo, carambo, caramelo</b>	<b>vela 1</b> s.f. 1. Peza de tecido resistente que, ao recibir o impulso do vento, fai avanzar unha embarcación. O forte vento enchía as velas. 2. Deporte náutico que se practica con embarcacións deste tipo. A vela é un deporte olímpico. <b>vela 2</b> s.f. Acción de velar, de quedar esperto durante o tempo que se dedica normalmente a durmir. Despois de tres horas de vela foise deitar e adormeceu.

É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>vena</b>	<b>vea</b> s.f. 1. Anat. Cada un dos condutos polos que volve o sangue ó corazón despois de rega-los tecidos do corpo. Vea cava. Vea xugular. As veas e as arterias. 2. Depósito subterráneo estreito e longo. Esgotouse a derradeira vea e pecharon a mina. SIN. filón, veta. 3. Depósito subterráneo de auga. A vea que hai onda a viña estiñou este verán. CF. mina. 4. Liña de distinto material ou cor, que destaca no conxunto do que forma parte. As veas do touciño. As veas da madeira. SIN. veta. 5. fig. Inspiración. Vea dramática. 6. Impulso súpeto. Se lle dá a vea é capaz de causar unha desgraza. SIN. arroutada, arrouto.	3ª persoa plural do presente de indicativo do <b>verbo ver</b> + o pronome <b>a</b> .
<b>venta</b>	<b>venda</b> <sup>1</sup> s.f. 1. Acción ou efecto de vender. <i>A familia non está conforme coa venda das propiedades.</i> 2. Actividade de vender. <i>Dedícase á venda ambulante.</i> u ANT. <b>compra</b> .	3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo ventar</b> .
<b>verrón</b>	<b>berrón -ona</b> adx. Que ten o costume de berrar moito, por calquera cousa, ou de falar a berros. Mudou de casa e tocoulle un veciño berrón. Esta berrona nunca dará aprendido a falar baixo.	<b>verrón</b> s.m. Porco semental. Leva-la porca ó verrón. SIN. castizo.
<b>vicario</b>	<b>vigairo</b> s.m. 2. Cura párroco. O novo vigairo fíxose cargo da parroquia.	<b>vicario -a</b> adx. Que fai as veces doutro, que representa a un superior. Para os católicos o papa é o vicario de Xesucristo. Tamén s. Quixo estar en persoa e prescindiu de vicarios.
<b>visto bo</b>	<b>visto e prace</b> . O escrito debe levar a sinatura e o visto e prace do director da tese.	existen as palabras por separado.
<b>vixiante</b>	<b>vixilante</b> s. 2. Persoa encargada de vixiar. O vixilante do parque non deixa pisa-la herba. SIN. garda.	<b>vixiante</b> adx. Que está en actitude de vixiar. Hai que permanecer sempre vixiante. SIN. vixilante.
<b>xeral</b>	<b>xeneral</b> s. Mil. Xefe militar de máis alto grao no exército de terra ou do aire. Ascendeu de coronel a xeneral. s Xeneral de brigada. Militar de grao inferior no xeneralato. / Xeneral de división. Xefe militar de grao intermedio entre o de tenente xeneral e o de xeneral de brigada.	<b>xeral</b> adx. 1. Que se refire ó conxunto de individuos, de casos, de detalles, etc., e non a cada un en particular. Dáme a túa opinión xeral sobre o asunto. Cultura xeral. ANT. particular. 2. Que afecta á maioría ou á totalidade dunha colectividade. Un asunto de interese xeral. SIN. común. Convocaron unha asemblea xeral para o venres. O profesor deu aprobado xeral. 3. Que abarca o conxunto dunha organización, dun servizo, etc. A Dirección Xeral de Política Lingüística depende da Consellería de Educación. s En xeral. En conxunto, sen pararse nun elemento en particular. En xeral, a xente sabe o que quere. Falo en xeral e non de ti.
<b>xoves</b>	<b>mozos</b> , plural de <b>mozo -a</b> adx. 1. Que xa supera a infancia pero aínda non chegou á idade adulta. <i>Aínda es moi mozo para certas cousas.</i> SIN. <b>novo</b> . CF. <b>rapaz</b> <sup>2</sup> . Tamén s. <i>O teu fillo xa é un mozo.</i> ANT. <b>vello</b> . 2. Por ext., [persoa] que está na primeira parte da idade adulta ou que ten menos anos ca outra con quen se compara. <i>Está mozo para os anos que ten. Ó lado dunha persoa de sesenta aínda é moza.</i> SIN. <b>novo</b> . Tamén s. <i>Casou cun mozo de trinta anos.</i> ANT. <b>vello</b> .	<b>xoves</b> s.m. Quinto día da semana. Quedou de vi-lo xoves. SIN. quinta feira.
<b>xunguir</b>	<b>unir</b> . As propostas uniron as posicións diferentes que se recollen no claustro.	<b>xunguir</b> v.t. Suxeitar ó yugo [unha parella de animais de tiro] para enganchalos ó carro ou ó arado. Xungui-los bois. SIN. apoñer, axugar, cangar. OBS. Conxúgase coma fuxir.
<b>y</b>	<b>e2</b> conx. 1. Enlaza palabras, frases ou oracións que teñen a mesma función, sumando unha a outra. Túa irmá e eu fomos cear e despois ó cine. 2. Tamén pode enlazar elementos con distinta función expresando, nese caso, causa, consecuencia, etc. Eu non quería ir e obrigáronme. Iso tamén o entendo eu e son un neno. Faime caso que son vello e coñezo o mundo. 3. Pode ir ó principio da frase engadindo énfase. ¿E ti que fas por aquí?	<b>Y</b> . Símbolo do Itrio. <b>y</b> s.m. Letra.



É común o erro de usar este termo	coa seguinte significación	e os correctores non detectan o erro porque ten a/s seguinte/s significación/s
<b>zoa</b>	<b>zona</b> s.f. 1. Parte [dunha superficie calquera] delimitada e caracterizada por algunha circunstancia concreta. A zona litoral de Galicia. Esta zona da costa é perigosa. CF. banda.Unha zona industrial. Desinfectar con alcol unha zona infectada. 2. Xeogr. Cada unha das cinco grandes partes en que se divide a esfera terrestre, delimitadas polo ecuador, os trópicos e os círculos polares. O ananás é propio das zonas tropicais.	3ª persoa singular do presente de indicativo e 2ª do imperativo do <b>verbo zoar</b> .
<b>zócalo</b>	<b>zócolo</b> s.m. 1. Arquit. Corpo inferior dun edificio ou obra que aparenta se-la súa base. O zócolo estaba cheo de pintadas. 2. Faixa na parte inferior dunha parede, pintada dunha cor distinta ou feita doutro material. Os zócolos da nosa casa son de azulexo azul mariño. SIN. rodapé.	<b>zocar</b> . v.t. Mar. Apertar [un nó]. Zoca ben os nós.